

Introdución

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveu os “Traballos de posta en valor dos petróglifos de Pé de Mula (Mondariz, Pontevedra)”. A estación de arte rupestre de Pé de Mula está conformada por dous petróglifos, un deles de grandes dimensións e cunha moi alta densidade de motivos. Os traballos executados por Arbore S.Coop. Galega (<https://arborearqueoloxia.com/>) consistiron na roza da contorna e limpeza do soporte; a documentación e rexistro dos motivos; a sinalización dos elementos e a substitución do peche do recinto.

Durante os traballos se localizaron novos motivos ó longo da rocha principal

Elementos afectados

Os traballos levaranse a termo nos petróglifos de Pé de Mula ou de Sabaxáns, localizados no lugar de Soutelo, na parroquia de San Mamede de Sabaxáns, Concello de Mondariz.

Código	Nome	Coord X	Coord Y
GA36030003	Petróglifos de Pé de Mula	547786.409	4679534.174

No conxunto pódense identificar varias laxes que presentan unha moi alta densidade de motivos gravados que podemos agrupar en dúas categorías diferentes. Un primeiro grupo estaría formado por deseños de adscrición prehistórica de carácter xeométrico, como coviñas, círculos simples, círculos con cruz inscrita, círculos concéntricos e labirintos. Algúns destes motivos teñen unhas considerables dimensións e posúen un suco ancho e profundo que permite que se recoñezan con relativa facilidade. O segundo conxunto estaría formado por deseños de cronoloxía histórica que, ás veces, se superpoñen ás figuras antigas, como acontece no gran labirinto. Os deseños desta fase son múltiples cruciformes de tipoloxía diversa, cadrados con cruz inscrita, bestas ou grafías como letras e nomes.

Así pois, o conxunto de Pé de Mula amosa unha gran importancia científica e patrimonial, pois ao feito de ser unha das maiores superficies gravadas do noso

territorio, incorpora a coexistencia de gravados rupestres de cronoloxía prehistórica, algúns deles escasamente representados como os labirintos, con outros de adscrición histórica, posiblemente medieval.

Os Petróglifos de Pé de Mula **GA36030003** forman parte dunha interesante paisaxe arqueolóxica. Están localizados no espolón rochoso dun macizo en cuxo cumio atopamos o o Castro de Coto Grande **GA36030014**, xunto mós xacementos de Fosas de Coto Grande 1 e 2, **GA36030014**, **GA36030098**. Ó sureste, moi preto, atopamos os Petróglifos de Centierira **GA36030105**, e algo máis alonxado o xacemento de O costal **GA36030097**.

Actuación

A actuación de limpeza superficial das rochas realizada, baseouse nos criterios de conservación internacionalmente aceptados, expresados nas diversas Cartas del Restauro, e o código deontolóxico acordado pola ECCO e todas as asociacións profesionais.

Ademais, plantouse un cultivo substitutivo de trevo anano na contorna das rochas que afondará na conservación e preservación das rochas; substituíse o peche perimetral e instalouse panelería didáctica e sinalización nos accesos.

Levou a termo un rexistro pormenorizado do estado de conservación dos petróglifos a través da realización dunha diagnose individualizada de cada un dos petróglifos que compoñen o xacemento. Esta diagnose tiña coma obxectivo a identificación das patoloxías que están a afectar a cada unha das rochas, que quedaron reflectidas graficamente na cartografía xerada para a documentación dos motivos. Dita documentación foi mediante fotogrametría e modelado 3D de cada rocha. Os modelos 3D utilizaronse como base para a obtención de calcos dixitais dos paneis e para a representación das patoloxías.